

# A MIRADA DE ORSON WELLES

Mark Cousins, 2018

# 568

ESTREA EN NUMAX: 26.07.2019 | V.O.S.E. | +7

*The Eyes of Orson Welles* (2018, 110')

**Dirección:** Mark Cousins

**Guión:** Mark Cousins

**Participación:** Mark Cousins, Beatrice Welles, Orson Welles

**Son:** Stephen C. Horne, Iain McKinna, Ali Murray

**Montaxe:** Timo Langer

**Fotografía:** Mark Cousins

**Produtora:** Bofa Productions Limited (Reino Unido)

**Distribuidora:** A Contracorriente

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Mención Especial L'Œil d'or), Edimburgo 2018 (Sección Oficial)

## FILMOGRAFÍA

*Women Make Film: A New Road Movie*

*Through Cinema*, 2018

*Stockholm, My Love*, 2016

*I Am Belfast*, 2015

*Atomic: Living in Dread and Promise*, 2015

*Life May Be*, 2014

*Here Be Dragons*, 2013


*La historia del cine: Una odisea*, 2011 [DVD]

## SINOPSE

O acceso exclusivo a centos de debuxos e pinturas do gañador do Oscar Orson Welles permite ao espectador unha particular inmersión no universo do lendario director de *Ciudadano Kane*. Dirixida por Mark Cousins, creador da serie *La historia del cine: Una odisea*.

«A mirada de Orson Welles merece ser tomada moi en serio. Abre un novo campo de estudo na obra dun dos xenios do século XX»

Gregorio Belinchón, EL PAÍS



# A MIRADA DE ORSON WELLES

Mark Cousins, 2018

## “Axiña me decatei de que tiña material inédito de Orson Welles”

Entrevista con Mark Cousins

Por Josh Slater-Williams

**Como coñeches a Beatrice Welles e como arrancou o proxecto?** Nunca pensara en facer un filme sobre Orson Welles pero sempre me fascinou a súa figura. Se miro os andeis do meu estudio atopo unha chea de libros sobre Welles, foi sempre unha caste de figura paternal para min. Nunha visita ao festival de cinema que dirixe Michael Moore en Traverse City, Michigan, coñecín á filla de Orson, Beatrice Welles. Ela é moi diferente ao que se podería agardar, moi alegre e entusiasta. Aos vinte minutos de coñecernos xa xurdira a idea de facer un filme. Ela convidoume á súa casa, situada no Medio Oeste, e amosoume os debuxos e traballos artísticos de seu pai. Axiña me decatei de que podía facer algo con iso, de que estaba diante de material inédito de Orson Welles.

**Beatrice coñecía xa o teu traballo anterior?** Coido que si. Parecía ter visto *La historia del cine: Una odisea* (2011, TV) e penso que iso foi importante para ela, pois precisaba confiar nalgúen, ía depositar material valioso nas miñas mans e necesitaba estar segura de que ía ser tratado con coidado e consideración. Creo que sabía que eu ía proceder así.

**Como te fixeches a tatuaxe de Orson Welles?** Pois precisamente en Traverse

City. Michael Moore programara *Ciudadano Kane* (1941) e *Campanadas a medianoche* (1965) que, por suposto, tiña visto centos de veces. Pero había moito que non as vía en pantalla grande. *Ciudadano Kane* semella algo diferente contemplada na era Trump e fíquei cativado unha vez máis. Canto máis vello me fago máis sentido ten para min. A primeira vez que vin o filme parecérame unha obra mestra desde o punto de vista técnico, pero non valorara na súa xusta medida a compoñente electórica e de perda da xuventude que detecto agora. Todo isto fixo que vivise a proxección a flor de pel, cunha grande emoción. Esa tarde fun dar un paseo pola vila e fixen a tatuaxe. Á noite cando me atopei con Beatrice aínda estaba a sangrar un pouco a ferida [risas].

**A estrutura do filme xurdiu antes ou despois de ver as obras de arte de Orson Welles?** Antes. Para min a estrutura dun filme é o primeiro. Non son quen de escribir unha liña sen antes saber que estrutura vai ter o meu filme. Preciso saber o perfil completo e só entón podo atopar as palabras axeitadas. Neste filme souben moi axiña que estrutura precisaba. Nunca fun un bo lector pero dáseme ben a enxeñaría, atráeme a creación de esquemas e fuselaxes que dan xeito ás estruturas e, neste caso, axiña souben que a película tería catro ou cinco partes, que non agromarían de maneira cronolóxica senón como as pezas do xadrez, primeiro o peón, logo o alfil, a raíña... Orson Welles préstase moi ben a esta caste de estrutura.

**N'a mirada de Orson Welles fas unha comparanza entre Charles**

**Foster Kane e Donald Trump. Pensas que pode seguir o camiño doutro personaxe eterno de Welles, o policía de Sede de mal (1958)?** O policía de *Sede de mal* ten importantes doses de autoconsciencia. É un alcólico en recuperación que tivo que reflexionar sobre a súa vida. É, en moitos sentidos, un home malvado, pero tivo que cuestionarse a si propio. Non creo que Donald Trump fíxese nunca tal cousa.

**Pódesnos dicir que documentais te inspiraron?** *Marlene* (1984) de Maximilian Schell é moi moi bo. Tamén adoro *Historia del Japón de la posguerra contada por una camarera* (1970) de Shohei Imamura. Parécenme maravillosos *La casa es negra* (1962) de Forugh Farrokhad ou *El ejército desnudo del emperador sigue marchando* (1987) de Kazuo Hara. Estas son algunhas obras que me inspiraron. En xeral gústame os filmes que non se inspiran no formato do documental televisivo, que teñen arestas, sabor, sorpresa e carácter.

Publicado en <http://vodzilla.co>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

\*\*\*

### O director

Cineasta prolífico e polivalente, Mark Cousins (Coventry, Inglaterra, 1965) dáse a coñecer na televisión británica en 1997 como presentador de *Scene by Scene* (BBC), no que entrevista a directores da altura de David Lynch ou Martin Scorsese. En 2011 dirixe o seu proxecto máis coñecido até a data, *La historia del cine: Una odisea*, unha ambiciosa serie para televisión de 15 horas que, cun estilo ensaístico, percorre os principais fitos que marcaron a historia do cinema.

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Orson Welles, Santos Zunzunegui.* Cátedra, 2011

*Mis almuerzos con Orson Welles,*

*Peter Biskind.* Anagrama, 2015

*Ciudadano Welles. Conversaciones con*

*Peter Bogdanovich.* Capitan Swing, 2015

*Buñuel, Dreyes, Welles, André Bazin,*

*Jacques Doniel-Valcroze, Michel Delhay.*

Fundamentos, 1999

*Ciudadano Kane, Orson Welles.* Vértice [BluRay]

*Campanadas a medianoche, Orson Welles*

Mon Inter Comerz [DVD]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

## ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenumax

